



PRIMEIRA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A UNIVERSIDADE DE VIGO (UVIGO) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS ESTRATÉXICAS DE I+D+i 2025-2026

Santiago de Compostela, [data/sinatura dixital]

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en diante, a Consellería), nomeado mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73 do 14 de abril), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

Doutra parte, Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor magnífico da Universidade de Vigo (UVIGO), nomeado mediante o Decreto 110/2022, do 9 de xuño (DOG núm. 117 do 20 de xuño de 2022), en representación desta, e en virtude das facultades que lle confire o artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, e o artigo 29 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os seus Estatutos (DOG núm. 38 do 22 de febreiro).

Interveñen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecéndose mutua e reciprocamente lexitimación e capacidade para a sinatura da presente addenda, e a estes efectos,

EXPOÑEN



PRIMEIRO.- Con cargo aos orzamentos de investigación da Consellería, cada ano iníciáanse accións encamiñadas a financiar a investigación universitaria, xa sexa mediante convocatorias de concorrência competitiva ou convenios de colaboración.

En consecuencia, a Consellería vén negociando coas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG), a sinatura de convenios de colaboración, co fin de apoiar as súas estratexias de investigación. Estes convenios establécense en función das necesidades e peculiaridades específicas de cada unha delas, podendo ter carácter anual ou plurianual, dependendo das propias características das actividades financiadas ou das necesidades conxunturais de cada universidade.

Polo tanto, as actuacións en I+D+i que se recollen nos distintos convenios responden a finalidades concretas e diferenciadas, aínda que algunhas destas accións poidan dar continuidade a outras xa iniciadas con anterioridade.

SEGUNDO.- O 16 de setembro do ano 2025 asinouse un Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Universidade de Vigo (UVigo) para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2025-2026, e que ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería e a UVigo para o desenvolvemento de actuacións estratéxicas de I+D+i co fin de mellorar as infraestruturas, intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica.

A dotación da Consellería para este convenio é de cinco millóns seiscientos mil douscentos sete euros con corenta e sete céntimos (5.600.207,47 €), con cargo á aplicación orzamentaria 07.02.561B.744.0 (código de proxecto 2016 00129) no marco do Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2021, DOG número 248, do 28 de decembro). A asignación total de recursos, distribuídos nas anualidades 2025 e 2026 foi a seguinte:



ACTUACIÓNS		2025	2026	TOTAL
1. CAPTACIÓN DE TALENTO				
Incentivos á instalación do talento captado		200.000,00	200.000,00	400.000,00
Captación de talento para novas necesidades estratéxicas		100.000,00	100.000,00	200.000,00
	SUBTOTAL	300.000,00	300.000,00	600.000,00
2. CENTROS				
Xornadas portas abertas/divulgación				
Xornadas portas abertas dos centros CIGUS e colaborativos		55.000,00	55.000,00	110.000,00
Accións de difusión da ciencia: Feiras/campañas de prensa		45.000,00	45.000,00	90.000,00
Accións Formativas				
Formación persoal		5.000,00	5.000,00	10.000,00
Centros CIGUS				
CIM		30.000,00	30.000,00	60.000,00
CINBIO		30.000,00	30.000,00	60.000,00
AtlanTTic		64.000,00	30.000,00	94.000,00
Centros colaborativos				
CINTECX		50.000,00	50.000,00	100.000,00
ECOBAS		50.000,00	50.000,00	100.000,00
Apoio accións específicas de alto impacto				
Adquisición, actualización e mellora novas infraestruturas	CIM	90.000,00	346.310,00	436.310,00
	CINBIO	50.000,00	50.000,00	100.000,00
	AtlanTTic	50.000,00	50.000,00	100.000,00
Cofinanciación infraestruturas convocatoria Ministerio	EQC2024-008684-P	100.336,76		100.336,76
	EQC2024-008576-P	338.209,52		338.209,52
	EQC2024-008569-P		372.245,07	372.245,07
	EQC2024-008283-P		629.231,12	629.231,12



Adquisición cámara do microscopio 2010F	inclúe Housing, Instalación e PC	219.000,00		219.000,00
Cofinanciamento programa predoc CIM-Ocean Frontiers Institute (Canadá)		30.000,00	120.000,00	150.000,00
Alfabetización oceánica		45.000,00	45.000,00	90.000,00
	SUBTOTAL	1.251.546,28	1.907.786,19	3.159.332,47
3. NOVAS ESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN				
Apoio campus especialización				
Especialización Creatividade		15.000,00	15.000,00	30.000,00
Especialización Tecnoloxía		15.000,00	15.000,00	30.000,00
Apoio á creación doutras estruturas				
Instituto de Agroecoloxía e Alimentación		20.000,00	20.000,00	40.000,00
Instituto Lingua		10.000,00	10.000,00	20.000,00
Instituto de Xustiza e Xénero		10.000,00	10.000,00	20.000,00
Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais		20.000,00	20.000,00	40.000,00
Instituto do Deporte		10.000,00	10.000,00	20.000,00
	SUBTOTAL	100.000,00	100.000,00	200.000,00
4. OBRAS SINGULARES DE APOIO Á INVESTIGACIÓN				
Arranxo sala lóbreaga CACTI Ourense		40.000,00		40.000,00
Equipamento científico Módulo 2	CINBIO	200.000,00		200.000,00
Estrutura para OGS (Vigo Quantum Communication Center)	atlanTTic	40.000,00		40.000,00
Acceso mesocosmos na estación ECIMAT	CIM	40.000,00		40.000,00



Laboratorios cuántico (Vigo Quantum Communication Center)	atlanTTic	40.000,00		40.000,00
Impermeabilización de laboratorio investigación Húmido 2 (M3) en ECIMAT	CIM	5.000,00		5.000,00
Melloras salas frescas ECIMAT	CIM	28.000,00		28.000,00
Instalación liña de vida	CINBIO	9.000,00		9.000,00
	CIM	5.000,00		5.000,00
Sala ISO 5 Paleontoloxía Gianluca Marino	CIM	20.000,00		20.000,00
Cambio climatización	CINTECX	40.000,00		40.000,00
Substitución alumado fluorescencia por alumado led	CINTECX	34.000,00		34.000,00
Reforma sistema extracción vitrinas	CINTECX	35.000,00		35.000,00
Contedores para almacenamento		25.000,00		
	SUBTOTAL	561.000,00	0,00	561.000,00
5. OUTRAS ACCIÓNS CON FOCO ESPECÍFICO DE ALTO IMPACTO E INTERESE NA I+D+I				
Apoio a organización de congresos internacionais		35.000,00	35.000,00	70.000,00
Lingua galega		20.000,00	20.000,00	40.000,00
Políticas de ciencia aberta		22.000,00	22.000,00	44.000,00
Apoio a implantación do selo HR na UVigo		20.000,00	20.000,00	40.000,00
Patentes		30.000,00	30.000,00	60.000,00
Organización Xornadas CRUE		30.000,00		30.000,00
Avaliación do acoso por razón de sexo		30.000,00		30.000,00



Proxecto de Exposición sobre Isaac Díaz Pardo na sala de exposicións do edificio redeiras do Berbés		6.100,00		6.100,00
Apoio á mobilidade do persoal investigador		40.000,00		
Configuración do sistema TIC da ZAP		9.000,00		
Proxecto escavación Adro Vello		53.200,00	50.000,00	103.200,00
UVIGO MotorSport		16.000,00	16.000,00	32.000,00
Internacional		101.000,00	101.000,00	202.000,00
Documental "Otero Pedrayo"		45.000,00		45.000,00
Proxecto PEESO		25.575,00	15.000,00	40.575,00
Organización ABAU Galega		80.000,00		80.000,00
Auria Technologies Campus Ourense			17.000,00	
	SUBTOTAL	562.875,00	326.000,00	888.875,00
6. OUTRAS ACCIÓNS CON FOCO ESPECÍFICO NA CALIDADE DA DOCENCIA				
Estratexia de apoio aos Másteres de excelencia	M. Tradución para a comunicación internacional	25.000,00	25.000,00	50.000,00
	M. Biotecnoloxía avanzada	12.500,00	12.500,00	25.000,00
	M. Matemática industrial	8.000,00	8.000,00	16.000,00
Innovación docente	Experiencia piloto centros docentes innovadores	20.000,00	20.000,00	40.000,00
	Servizo de virtualización de laboratorios	30.000,00	30.000,00	60.000,00
	SUBTOTAL	95.500,00	95.500,00	191.000,00
TOTAL		2.870.921,28	2.729.286,19	5.600.207,47



TERCEIRO.- No ano 2025 avanzouse con accións que permitiron un fortalecemento do sistema de investigación da UVigo e que requiren dunha continuación e ampliación en 2026 coa finalidade de alcanzar tódolos obxectivos previstos; isto supón a necesidade de axustar as actuacións, ben incrementando, reducindo ou ampliando as mesmas.

A Universidade de Vigo solicita unha addenda ao convenio e presenta, en febreiro de 2026, a través do Rexistro electrónico da Xunta de Galicia (REXEL), unha proposta que inclúe novas necesidades non contempladas no convenio inicial coa finalidade de incrementar e reaxustar os importes nos conceptos subvencionables na anualidade de 2026, para dar cobertura ás devanditas necesidades.

CUARTO.- A cláusula novena do convenio prevé a posibilidade de modificación que deberá figurar por escrito. De acordo co anterior, a UVigo propón modificacións que supoñen un incremento, na anualidade 2026, dunha contía por importe de **536.000 €**, pasando dunha dotación inicial de 2.729.286,19 €, a incrementarse ata a cantidade de 3.265.286,19 €, segundo se detalla a continuación:

		anualidade 2026		
ACTUACIÓNS	observacións	Convenio 2026	addenda 2026	TOTAL 2026
1. CAPTACIÓN DE TALENTO				
Incentivos á instalación do talento captado		200.000,00		200.000,00
Captación de talento para novas necesidades estratéxicas		100.000,00		100.000,00
	SUBTOTAL	300.000,00	0,00	300.000,00
2. CENTROS				
Xornadas portas abertas/divulgación				
Xornadas portas abertas dos centros CIGUS e colaborativos		55.000,00		55.000,00
Accións de difusión da ciencia: Feiras/campañas de prensa		45.000,00		45.000,00
Accións Formativas				
Formación persoal		5.000,00		5.000,00
Centros CIGUS				



CIM		30.000,00	20.000,00	50.000,00
CINBIO		30.000,00		30.000,00
AtlanTTic		30.000,00	60.000,00	90.000,00
Centros colaborativos				
CINTECX		50.000,00		50.000,00
ECOBAS		50.000,00		50.000,00
Apoio accións específicas de alto impacto				
Adquisición, actualización e mellora novas infraestruturas	CIM	346.310,00	30.000,00	376.310,00
	CINBIO	50.000,00		50.000,00
	AtlanTTic	50.000,00		50.000,00
Apoio a solicitude da convocatoria Maria de Maeztu para centros CIGUS	CINBIO		20.000,00	20.000,00
	AtlanTTic		20.000,00	20.000,00
Cofinanciación infraestruturas convocatoria Ministerio	EQC2024- 008569-P	372.245,07		372.245,07
	EQC2024- 008283-P	629.231,12		629.231,12
Cofinanciamento programa predoc CIM-Ocean Frontiers Institute (Canadá)	CIM	120.000,00		120.000,00
Alfabetización oceánica		45.000,00		45.000,00
	SUBTOTAL	1.907.786,19	150.000,00	2.057.786,19
3. NOVAS ESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN				
Apoio campus especialización				
Especialización Creatividade		15.000,00		15.000,00
Especialización Tecnoloxía		15.000,00		15.000,00
Apoio á creación doutras estruturas				
Instituto de Agroecoloxía e Alimentación		20.000,00		20.000,00
Instituto Lingua		10.000,00		10.000,00
Instituto de Xustiza e Xénero		10.000,00		10.000,00
Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais		20.000,00		20.000,00
Instituto do Deporte		10.000,00		10.000,00
	SUBTOTAL	100.000,00	0,00	100.000,00
4. OBRAS SINGULARES DE APOIO Á INVESTIGACIÓN				
Dotación laboratorio de tradución simultánea			125.000,00	125.000,00
Acondicionamento espazo de traballo para investigadores	CINTECX		50.000,00	50.000,00
Impermeabilización planta técnica Olimpia Valencia	CACTI-CINBIO		40.000,00	40.000,00
Substitución grupo electrógeno ECIMAT	CIM		40.000,00	40.000,00
	SUBTOTAL	0,00	255.000,00	255.000,00



5. OUTRAS ACCIÓNS CON FOCO ESPECÍFICO DE ALTO IMPACTO E INTERESE NA I+D+I				
Apoio a organización de congresos internacionais		35.000,00		35.000,00
Língua galega		20.000,00		20.000,00
Políticas de ciencia aberta		22.000,00		22.000,00
Apoio a implantación do selo HR na UVigo		20.000,00	2.000,00	22.000,00
Patentes		30.000,00		30.000,00
Adquisición vehículo para mostraxes			50.000,00	50.000,00
Apoio á mobilidade do persoal investigador			50.000,00	50.000,00
Mantemento do sistema TIC da ZAP			9.000,00	9.000,00
	SUBTOTAL	127.000,00	111.000,00	238.000,00
Congreso internacional da Société internationale d'histoire des droits de l'Antiquité			20.000,00	20.000,00
Proxecto escavación Adro Vello		50.000,00		50.000,00
UVIGO MotorSport		16.000,00		16.000,00
Internacional		101.000,00		101.000,00
Proxecto PEESO		15.000,00		15.000,00
Auria Technologies Campus Ourense		17.000,00		17.000,00
	SUBTOTAL	199.000,00	20.000,00	219.000,00
6. OUTRAS ACCIÓNS CON FOCO ESPECÍFICO NA CALIDADE DA DOCENCIA				
Estratexia de apoio aos Másteres de excelencia	*M. Tradución para a comunicación internacional	25.000,00		25.000,00
	*M. Biotecnoloxía avanzada	12.500,00		12.500,00
	M. Matemática industrial	8.000,00		8.000,00
Innovación docente	Experiencia piloto centros docentes innovadores	20.000,00		20.000,00
	Servizo de virtualización de laboratorios	30.000,00		30.000,00
	SUBTOTAL	95.500,00	0,00	95.500,00
TOTAL		2.729.286,19	536.000,00	3.265.286,19

*Condicionado á renovación de mestrado de excelencia.



En consideración ao exposto anteriormente, as partes abaixo asinantes acordan subscribir a presente addenda ao convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- **Obxecto da addenda**

A presente addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería e a Universidade de Vigo (UVigo) para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i nas anualidades 2025 e 2026, ten por obxecto realizar un reaxuste económico do convenio coa finalidade de incrementar/reaxustar a achega económica das actuacións contempladas no mesmo para a anualidade 2026.

Este axuste supón modificar a anualidade 2026, incrementando a achega económica da Xunta de Galicia nun importe de **536.000,00 €**, pasando dunha dotación inicial de 2.729.286,19 € ata a cantidade de 3.265.286,19 €.

Este aumento é consecuencia das novas necesidades, que por circunstancias diversas derivadas do desenvolvemento, implementación e posta en práctica das actuacións a levar a cabo, non se recollen no convenio inicial, se incrementan ou se modifican nalgúnhas das existentes, e que se consideran imprescindibles para consolidar as liñas de investigación estratéxicas de I+D+i na Uvigo, e que se describen a continuación:

2. CENTROS

XORNADAS DE PORTAS ABERTAS E/OU OUTRAS ACCIÓNS DE DIVULGACIÓN

Accións de difusión da ciencia: Feiras/campañas de prensa

Engádesse a actuación:

- Desprazamento, aloxamento e dietas da asistencia ao congreso ComCiRed 2026 (Salamanca, días 7 e 8 de maio). Este congreso, organizado pola FECYT, reúne aos profesionais das Unidades de Comunicación Científica e da Innovación das universidades españolas para atoparse e intercambiar experiencias e boas prácticas, cun especial foco na formación con obradoiros, conferencias e mesas redondas. É



unha oportunidade para presentar as actividades de teatro inmersivo e de Fake News que levou, ou está levando a cabo, a nosa UCC para que sexan recoñecidas e difundidas pola FECYT.

CENTROS CIGUS

Centro de Investigación Mariña (CIM)

Ademais do recollido no convenio, o CIM tamén vai organizar dúas formacións dentro do seu Plan de Formación.

Este ano vaise facer un novo análise de *benchmarking* para analizar a evolución do dentro comparándose con outros centros de temática similar e con carga docente.

Parte de este financiamento dedicarase a implantar as accións propostas no informe do comité avaliador (avaliación intermedia, outubro 2025) e o Comité Avaliador Externo do CIM (CAE) na súa recente visita ao centro (13-15 xaneiro), como é a implementación dun novo modelo de gobernanza do centro co apoio do CAE e a reorganización dos grupos en base á avaliación feita no 2025. Prevese a visita presencial dos membros do CAE ao longo do 2026, para ter reunións presenciais coa dirección do centro e os seus investigadores.

Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación (atlanTTic)

atlanTTic destinará este orzamento á execución de diversas actuacións orientadas ao fortalecemento estrutural, á mellora organizativa e á proxección estratéxica do centro.

Entre estas actuacións inclúense a participación en conferencias e eventos de especial relevancia para o posicionamento institucional e a captación de oportunidades, como a *EARMA Annual Conference 2026*, organizada pola European Association of Research Managers and Administrators, ou a feira internacional *NAVALIA 2026*; espazos clave para o establecemento de alianzas, a identificación de novas liñas de colaboración e a mellora da xestión da I+D+i.

Contémplase tamén á adquisición ou renovación de licenzas de software especializado de apoio á investigación, incluíndo ferramentas avanzadas de edición científica colaborativa coma Overleaf e solucións baseadas en intelixencia artificial para a



asistencia na redacción técnica, análise de información, tratamento de datos e preparación de propostas e documentación científica e de xestión.

O orzamento tamén permitirá a contratación de asistencias técnicas especializadas en ámbitos estratéxicos, como o apoio ao desenvolvemento do plan estratéxico do centro ou o plan de comunicación, co obxecto de reforzar a excelencia, visibilidade, transferencia e impacto das súas actividades de investigación. Inclúiranse tamén servizos de consultoría externa para o apoio á participación en convocatorias competitivas autonómicas, estatais e europeas, abranguendo a identificación e análise de oportunidades de financiamento, a definición de estratexias de posicionamento, a procura e articulación de consorcios, así como o acompañamento na preparación, revisión e mellora técnica das propostas, co obxectivo de incrementar a capacidade de captación de recursos e a taxa de éxito do centro. No ámbito das infraestruturas científicas e tecnolóxicas do centro, poderase incluír a contratación de servizos de asistencia técnica especializada orientados á optimización, seguimento e mellora operativa dos equipos e instalacións, así como á avaliación da calidade dos resultados e ao reforzo dos procedementos de control e trazabilidade experimental. Nesta actuación inclúiranse tamén pequenas obras de acondicionamento de laboratorios do centro e consultoría externa para a monitorización e control dos equipos e instalacións dos seus laboratorios como medida de avaliación da calidade dos resultados e a mellora operativa dos equipos.

Así mesmo, o orzamento poderá destinarse a gastos asociados á difusión e publicación de resultados científicos, incluíndo custes de publicación en revistas indexadas de alto impacto, taxas por acceso aberto (*open access*), edición científica e outras accións orientadas a garantir a máxima visibilidade, transferencia e impacto internacional da produción investigadora do centro.

APOIO ACCIÓNS ESPECÍFICAS DE ALTO IMPACTO

Adquisición actualización e mellora novas infraestruturas

Centro de Investigación Mariña (CIM)

Esta dotación ampliouse respecto á solicitada no 2025, xa que incrementouse o prezo



do equipamento desde a solicitude do orzamento a finais do 2024.

Empresa	equipamento	2026
KONSBERG	Sonda Multihaz EM 2042-07 SRX-60-SV	376.310,00
	Incluye: Sistema inercial y Seapath-130 Sound Velocity Profiler AML-3 LGR EK80 ADCP- EC150 Modificación casco	

Apoio a solicitude da convocatoria María de Maeztu para centros CIGUS

Esta actuación corresponde ás axudas achegadas pola Secretaría Xeral de Universidades aos centros da Rede CIGUS que presentasen solicitude á convocatoria María de Maeztu, con resolución publicada no ano 2026. O seu obxecto é financiar os gastos correspondentes ao exercicio 2026 derivados da preparación e elaboración da devandita solicitude, así como aquelas actuacións directamente vinculadas ao reforzo e mellora da candidatura, sempre que quede debidamente xustificada na memoria a súa relación directa coa proposta presentada.

Cofinanciamento programa predoc CIM-Ocean Frontiers Institute (Canadá)

O obxectivo é ampliar esta colaboración a outros aspectos do ámbito investigador de ambos os centros, ampliando as mobilidades a investigadores posdoutorais e persoal técnico. Tamén se financiarán as contratacións de consultoras para o apoio á presentación de proxectos de investigación en convocatorias internacionais, o desenvolvemento do Plan de captación de talento internacional, o financiamento de viaxes e inscricións a congresos e workshops internacionais a persoal do CIM e a participación do CIM en feiras e eventos internacionais, para incrementar a captación de fondos internacionais e de persoal investigador e a visibilidade internacional do centro a través dos seus membros.

Alfabetización oceánica na Década dos Océanos

Engádese a acción:



- Celebración do 10º aniversario do CIM e o 20º da ECIMAT, para facer partícipe á sociedade dos avances logrados neste tempo.

4. OBRAS SINGULARES DE APOIO Á INVESTIGACIÓN

Dotación laboratorio de tradución simultánea

A internacionalización crecente da Universidade, unida ás transformacións metodolóxicas impulsadas pola dixitalización sitúan os laboratorios de idiomas e os laboratorios de interpretación simultánea como elementos estratéxicos. Estes espazos permiten reproducir con fidelidade situacións comunicativas reais e ofrecen un apoio fundamental para a innovación docente e para a investigación aplicada. Na facultade de Filoloxía e Tradución existen laboratorios deste tipo pero a súa instalación data dos anos 90 e, aínda que se fixeran actualizacións, algúns destes laboratorios continúan a ser analóxicos ou das primeiras aplicacións dixitais.

Deste modo, é imprescindible a incorporación de sistemas multimedia e multimodais que respondan ao novo paradigma dixital (cambio acelerado especialmente trala pandemia) coa finalidade de reproducir condicións próximas ás que se dan na actualidade. A adquisición destes modernos laboratorios permitirá abordar proxectos de investigación aplicada ás novas tecnoloxías de tradución simultánea.

Acondicionamento espazo CINTECX

CINTECX é o Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procesos Industriais da Universidade de Vigo que concentra o esforzo multidisciplinar dos seus investigadores para desenvolver investigación básica e orientada a transferir coñecemento ao sector produtivo cun alto nivel de excelencia e competitividade.

O edificio conta cunha nave taller que permite ofrecer servizos como a realización de ensaios de motores, medición e redución de emisións, ensaios mecánicos, climáticos, térmicos, de corrosión, análises químicas, caracterización de materiais, procesado láser, análise estrutural e electrónica de potencia, entre outros, pero as condicións térmicas e higrométricas deste espazo non permiten un traballo sedentario.

As liñas de investigación do centro están a requirir espazos onde realizar traballos de



investigación de oficina, non tendo o edificio dispoñibilidade destes. Por este motivo é preciso acondicionar un espazo na nave cunhas condicións de illamento térmico, iluminación e climatización que permita realizar estas actividades.

A superficie a acondicionar ten uns 85 m² e require de:

- Execución de cerramentos.
- Realización de instalación eléctrica y de voz e datos.
- Sistema de climatización e renovación de aire.

O importe estimado destas obras é de 80.000,00 € + IVE e o prazo de execución é de 6 meses. Tendo en conta que é preciso redactar un proxecto e licitar as obras correspondentes, estímase que na anualidade 2026 executáranse 50.000,00 € + IVE desta actuación.

Impermeabilización planta técnica Olimpia Valencia

O proxecto pretende impermeabilizar as zonas da planta técnica pertencentes ao edificio OLIMPIA VALENCIA que na actualidade non dispoñen de impermeabilización en condicións. Debido á alta carga de instalacións das devanditas plantas preténdese a impermeabilización das mesmas para así evitar posibles problemas nas plantas baixas que corresponderían ao edificio CACTI -CINBIO (primeira fase).

A solución adoptada será a aplicación dunha Membrana líquida de poliurea en frío para a impermeabilización e protección. Produto bicomponente que forma unha membrana continua, elástica, con excelentes propiedades mecánicas e de adherencia que a fan resistente á intemperie, a temperaturas extremas, á radiación UV e á química.

Substitución grupo electrógeno ECIMAT

A Universidade de Vigo, pretende renovar o actual grupo electrógeno de 200 kVA de bastidor aberto, por un novo equipo insonorizado, de 200 kVA, para subministración complementaria de emerxencia, funcionamento automático, con reforma eléctrica e adecuacións necesarias para o seu pleno funcionamento no edificio da estación de Ciencias Mariñas - ECIMAT, na sala técnica actual, habilitada para ese efecto, mediante a subministración, instalación, posta en marcha e adaptacións eléctricas e de cableado



estruturado para o adecuado funcionamento do equipo xerador.

5. OUTRAS ACCIÓNS CON FOCO ESPECÍFICO DE ALTO IMPACTO E INTERESE NA I+D+i

Apoio a implantación do selo HR na UVigo

Inclúense actividades relacionadas coa investigación e desenvolvidas pola área de diversidade da Universidade.

Adquisición vehículo para mostraxe

Solicítase financiamento para a compra dun vehículo que dará servizo a Facultade de Ciencias do campus de Ourense. Este vehículo está pensado para traballos de campo e recollida de mostras e estará a disposición de todos os grupos de investigación da Facultade.

Apoio á mobilidade do persoal investigador

Encargo de xestión da Universidade de Vigo á Fundación Universidade de Vigo para a prestación de servizos de asistencia gratuíta ao persoal investigador, en materia de mobilidade, no marco de funcionamento do centro EURAXESS da Universidade de Vigo.

A UVigo adheriuse en xuño de 2024 á Rede EURAXESS, un espazo compartido que permite desenvolver, entre outras iniciativas, servizos de mobilidade e desenvolvemento profesional orientado ao persoal investigador.

A pertenza a esta rede supón o compromiso de prestar un conxunto de novos servizos tipificados por EURAXESS (o portal líder da comunidade investigadora en Europa) e abre un maior abano de posibilidades de mobilidade para o persoal investigador na Universidade de Vigo (visitas e realización de estadías, captación de talento investigador), polo que a Universidade debe dotarse dos medios e recursos para organizar, atender e desenvolver estas novas demandas.

En liñas xerais, a misión do Centro EURAXESS consiste en prover asistencia de balde ao persoal investigador e ás súas familias en materia de mobilidade e desenvolvemento profesional.

En particular, o centro está orientado a persoal investigador entrante e saínte, en



calquera etapa do seu desenvolvemento profesional e categoría (investigadores, xestores e técnicos de investigación), como beneficiarios dunha estadía de investigación ou unha incorporación á UVigo.

Os servizos de apoio ao investigador en relación co desenvolvemento profesional está axeitadamente prestado polos servizos administrativos e académicos e estruturas do ámbito de investigación da UVigo, pero xurde a necesidade de prestar un novo tipo de servizo ao investigador e á súa familia nun ámbito máis persoal e específico que permita informar, asesorar, asistir e axudar persoalmente tanto ao investigador como a súa familia, e permita facilitarlles a súa instalación e gozar dunha experiencia de mobilidade de calidade, tal e como reflicte o compromiso coa Rede EURAXESS.

Este novo tipo de servizos, tipificados por EURAXESS, non son servizos inherentes da Universidade de Vigo, nin forman parte da estrutura interna básica da Universidade. Ademais requiren de coñecementos e competencias específicas para poder prestalos, polo que se realizará o encargo á Fundación Universidade de Vigo que dispón dos medios necesarios.

Mantemento do sistema TIC da ZAP (Zed Attack Proxy)

Elaboración da documentación de seguridade para a súa validación polo CCN e posta a punto dos dous equipos con dúas actuacións semestrais nas que o persoal actualizará o software dos dous dispositivos, valorará o seu cumprimento mediante unha ferramenta específica (CLARA) e actualizará a documentación asociada.

Congreso internacional de la Société internationale d'histoire des droits de l'Antiquité

Esta actuación consiste no apoio ao congreso internacional de la *Société internationale d'histoire des droits de l'Antiquité*, cuxa próxima edición se celebrará en Vigo no ano 2026. O comité organizador do congreso está dirixido pola profesora M. José Bravo e conta co apoio do Instituto de Xustiza e Xénero.

SEGUNDA.- Orzamento



A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional reaxustará os importes dos conceptos establecidos no convenio inicial, incrementando as cantidades para a anualidade 2026 nunha contía global de **536.000,00 €**, con cargo a aplicación orzamentaria 07.02.561B.744.0 (2016 00129) do Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2021, DOG número 248, do 28 de decembro).

Esta cantidade de **536.000,00 €** trátase dun importe certo e corresponde ao financiamento das actividades recollidas neste convenio, estando ao disposto no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A contía total do convenio coa addenda queda distribuída segundo se indica a continuación:

	2025	2026	Total
Convenio	2.870.921,28 €	2.729.286,19 €	5.600.207,47 €
1ª Addenda	0,00	536.000,00 €	536.000,00 €
Total	2.870.921,28 €	3.265.286,19 €	6.136.207,47 €

A redistribución final destes recursos, logo da modificación para o 2026, quedará establecida como segue:

ACTUACIÓNS	observacións	2025	TOTAL 2026	TOTAL 2025-2026
1. CAPTACIÓN DE TALENTO				
Incentivos á instalación do talento captado		200.000,00	200.000,00	400.000,00
Captación de talento para novas necesidades estratéxicas		100.000,00	100.000,00	200.000,00
	SUBTOTAL	300.000,00	300.000,00	600.000,00
2. CENTROS				
Xornadas portas abertas/divulgación				
Xornadas portas abertas dos centros CIGUS e colaborativos		55.000,00	55.000,00	110.000,00
Accións de difusión da ciencia: Feiras/campañas de prensa		45.000,00	45.000,00	90.000,00



Accións Formativas				
Formación persoal		5.000,00	5.000,00	10.000,00
Centros CIGUS				
CIM		30.000,00	50.000,00	80.000,00
CINBIO		30.000,00	30.000,00	60.000,00
AtlanTTic		64.000,00	90.000,00	154.000,00
Centros colaborativos				
CINTECX		50.000,00	50.000,00	100.000,00
ECOBAS		50.000,00	50.000,00	100.000,00
Apoio accións específicas de alto impacto				
Adquisición, actualización e mellora novas infraestruturas	CIM	90.000,00	376.310,00	466.310,00
	CINBIO	50.000,00	50.000,00	100.000,00
	AtlanTTic	50.000,00	50.000,00	100.000,00
Apoio a solicitude da convocatoria Maria de Maeztu para centros CIGUS	CINBIO		20.000,00	20.000,00
	AtlanTTic		20.000,00	20.000,00
Cofinanciación infraestruturas convocatoria Ministerio	EQC2024- 008684-P	100.336,76	0,00	100.336,76
	EQC2024- 008576-P	338.209,52	0,00	338.209,52
	EQC2024- 008569-P		372.245,07	372.245,07
	EQC2024- 008283-P		629.231,12	629.231,12
Adquisición cámara do microscopio 2010F	incluye Housing, Instalación y PC	219.000,00	0,00	219.000,00
Cofinanciamento programa predoc CIM-Ocean Frontiers Institute (Canadá)	CIM	30.000,00	120.000,00	150.000,00
Alfabetización oceánica		45.000,00	45.000,00	90.000,00
	SUBTOTAL	1.251.546,28	2.057.786,19	3.309.332,47
3. NOVAS ESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN				
Apoio campus especialización				
Especialización Creatividade		15.000,00	15.000,00	30.000,00
Especialización Tecnoloxía		15.000,00	15.000,00	30.000,00
Apoio á creación doutras estruturas				
Instituto de Agroecoloxía e Alimentación		20.000,00	20.000,00	40.000,00
Instituto Lingua		10.000,00	10.000,00	20.000,00
Instituto de Xustiza e Xénero		10.000,00	10.000,00	20.000,00
Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais		20.000,00	20.000,00	40.000,00
Instituto do Deporte		10.000,00	10.000,00	20.000,00
	SUBTOTAL	100.000,00	100.000,00	200.000,00
4. OBRAS SINGULARES DE APOIO Á INVESTIGACIÓN				
Arranxo sala lóbrega CACTI Ourense		40.000,00		40.000,00
Equipamento científico Módulo 2	CINBIO	200.000,00		200.000,00



Estrutura para OGS (Vigo Quantum Communication Center)	atlanTTic	40.000,00		40.000,00
Acceso mesocosmos en la estación ECIMAT	CIM	40.000,00		40.000,00
Laboratorios cuántico (Vigo Quantum Communication Center)	atlanTTic	40.000,00		40.000,00
Impermeabilización de laboratorio investigación Húmido 2 (M3) en ECIMAT	CIM	5.000,00		5.000,00
Melloras salas frescas ECIMAT	CIM	28.000,00		28.000,00
Instalación linea de vida	CINBIO	9.000,00		9.000,00
	CIM	5.000,00		5.000,00
Sala ISO 5 Paleontoloxía Gianluca Marino	CIM	20.000,00		20.000,00
Cambio climatización	CINTECX	40.000,00		40.000,00
Substitución alumeados fluorescencia por alumeados led	CINTECX	34.000,00		34.000,00
Reforma sistema extracción vitrinas	CINTECX	35.000,00		35.000,00
Contedores para almacenamento		25.000,00		25.000,00
Dotación laboratorio de tradución simultánea			125.000,00	125.000,00
Acondicionamento espazo de traballo para investigadores	CINTECX		50.000,00	50.000,00
Impermeabilización planta técnica Olimpia Valencia	CACTI-CINBIO		40.000,00	40.000,00
Substitución grupo electrógeno ECIMAT	CIM		40.000,00	40.000,00
	SUBTOTAL	561.000,00	255.000,00	816.000,00
5. OUTRAS ACCIÓNS CON FOCO ESPECÍFICO DE ALTO IMPACTO E INTERESE NA I+D+I				
Apoio a organización de congresos internacionais		35.000,00	35.000,00	70.000,00
Lingua galega		20.000,00	20.000,00	40.000,00
Políticas de ciencia aberta		22.000,00	22.000,00	44.000,00
Apoio a implantación do selo HR na UVigo		20.000,00	22.000,00	42.000,00
Patentes		30.000,00	30.000,00	60.000,00
Organización Xornadas CRUE		30.000,00	0,00	30.000,00
Avaliación do acoso por razón de sexo		30.000,00	0,00	30.000,00



Proxecto de Exposición sobre Isaac Díaz Pardo na sala de exposicións do edificio redeiras do Berbés		6.100,00	0,00	6.100,00
Adquisición vehículo para mostraxes			50.000,00	50.000,00
Apoio á mobilidade do persoal investigador		40.000,00	50.000,00	90.000,00
Mantemento do sistema TIC da ZAP		9.000,00	9.000,00	18.000,00
	SUBTOTAL	242.100,00	238.000,00	480.100,00
Congreso internacional da Société internationale d'histoire des droits de l'Antiquité			20.000,00	20.000,00
Proxecto escavación Adro Vello		53.200,00	50.000,00	103.200,00
UVIGO MotorSport		16.000,00	16.000,00	32.000,00
Internacional		101.000,00	101.000,00	202.000,00
Documental "Otero Pedrayo"		45.000,00	0,00	45.000,00
Proxecto PEESO		25.575,00	15.000,00	40.575,00
Organización ABAU Galega		80.000,00	0,00	80.000,00
Auria Technologies Campus Ourense			17.000,00	17.000,00
	SUBTOTAL	320.775,00	219.000,00	539.775,00
6. OUTRAS ACCIÓNS CON FOCO ESPECÍFICO NA CALIDADE DA DOCENCIA				
Estratexia de apoio aos Másteres de excelencia	*M. Tradución para a comunicación internacional	25.000,00	25.000,00	50.000,00
	*M. Biotecnoloxía avanzada	12.500,00	12.500,00	25.000,00
	M. Matemática industrial	8.000,00	8.000,00	16.000,00
Innovación docente	Experiencia piloto centros docentes innovadores	20.000,00	20.000,00	40.000,00
	Servizo de virtualización de laboratorios	30.000,00	30.000,00	60.000,00
	SUBTOTAL	95.500,00	95.500,00	191.000,00
TOTAL		2.870.921,28	3.265.286,19	6.136.207,47

* Os importes no 2026, condicionado á renovación de mestrado de excelencia.



TERCEIRA.- **Condicións**

Esta addenda supón un incremento da contía do Convenio, para a anualidade 2026, segundo as contías establecidas na cláusula segunda.

A sinatura desta addenda non afecta á vixencia do convenio (31 de decembro de 2026).

Esta addenda rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formado parte integrante del.

A presente addenda réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De acordo co establecido no artigo 53 da dita lei esta addenda deberá ser remitida ao Consello de Contas nos termos que no mesmo se establecen.

Lida polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado na presente addenda, asíana dixitalmente

Román Rodríguez González

Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Manuel Joaquín Reigosa Roger

Reitor da Universidade de Vigo (Uvigo)



MODIFICACIÓN DO ANEXO I DO CONVENIO PARA A ANUALIDADE 2026

Inclúese neste anexo un resumo das actuacións financiadas ao abeiro do convenio coas modificacións incluídas nesta addenda para o 2026 que teñen un impacto directo nos centros de investigación, co obxectivo de poñer en valor a relevancia do apoio á actividade investigadora.

CADRO-RESUMO CO CÓMPUTO GLOBAL DAS ACTUACIÓNS CON IMPACTO EN CENTROS DE INVESTIGACIÓN

Centros CIGUS

centro	actuación	2026
CIM	Xornada de portas abertas	11.000
	Centros CIGUS	50.000
	Apoio acción específicas de alto impacto: Adquisición, actualización e mellora novas infraestruturas	376.310
	Apoio acción específicas de alto impacto: Cofinanciamento programa predoc CIM-Ocean Frontiers Institute (Canadá)	120.000
	Obras singulares de apoio a investigación: Substitución grupo electrógeno ECIMAT	40.000
	TOTAL CIM	597.310 €
CINBIO	Xornada de portas abertas	11.000
	Centros CIGUS	30.000
	Apoio acción específicas de alto impacto: Adquisición, actualización e mellora novas infraestruturas	50.000
	Apoio a solicitude da convocatoria Maria de Maeztu para centros CIGUS	20.000
	Cofinanciación infraestruturas convocatoria Ministerio: EQC2024- 008283-P	629.231,12
	Obras singulares de apoio a investigación: Impermeabilización planta técnica Olimpia Valencia	40.000
	TOTAL CINBIO	780.231,12 €
AtlantTic	Incentivos á instalación do talento captado	222.000
	Xornada de portas abertas	11.000
	Centros CIGUS	90.000
	Apoio acción específicas de alto impacto: Adquisición, actualización e mellora novas infraestruturas	50.000
	Apoio a solicitude da convocatoria Maria de Maeztu para centros CIGUS	20.000
	TOTAL AtlantTic	393.000 €

**Centros colaborativos**

centro	actuación	2026
CINTECX	Xornada de portas abertas	11.000
	Centros colaborativos	50.000
	Obras singulares de apoio a investigación: Acondicionamento espazo de traballo para investigadores	50.000
	TOTAL CINTECX	111.000 €
ECOBAS	Xornada de portas abertas	11.000
	Centros colaborativos	50.000
	TOTAL ECOBAS	61.000 €

Outros centros non acreditados

Centros/institutos non acreditados		2026
Especialización Creatividade	Novas estruturas de investigación	15.000,00 €
Especialización Tecnoloxía	Novas estruturas de investigación	15.000,00 €
Instituto de agroecoloxía e alimentación	Novas estruturas de investigación	20.000,00 €
Instituto Lingua	Novas estruturas de investigación	10.000,00 €
Instituto de Xustiza e Xénero	Novas estruturas de investigación	10.000,00 €
	Congreso internacional	20.000,00 €
Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais	Novas estruturas de investigación	20.000,00 €
Instituto del Deporte	Novas estruturas de investigación	10.000,00 €